

**NOTA DE PRENSA 078/23
21 DE SETEMBRO DE 2023**

JACOBO SENÍN PARTE COMO FAVORITO NA SUBIDA A VILAR DE BARRIO

O Campionato Galego de Montaña retorna a actividade esta fin de semana coa celebración da sexta proba puntuable para o calendario autonómico, a Subida a Vilar de Barrio.

A cita ourensá, que afronta a súa segunda edición, debuta no calendario autonómico con 39 equipos inscritos, entre os que se atopan os principais candidatos a victoria final do certame.

Destaca a presenza de Jacobo Senín, que aos mandos da Nova Proto, encadena catro triunfos en outras tantas participacións. O pontevedrés, que xa bota contas para revalidar o título de montaña, terá como principais rivais aos ourensáns Abrahán Vázquez, Jorge Fernández Vilarchao ou Pablo Rey.

Entre os carcross, parte como favorito Beni Porto, mentres que en carrozados vivírase unha fermosa loita pola victoria entre Jorge Pérez Alonso (Porsche 991 GT3 CUP) e Manuel Senra (Peugeot 306 Maxi). Tamén serán interesantes as pelexas polas distintas clases gracias a incorporación do Performance Factor, que iguala as prestacións dos equipos presentes.

A proba comezará o sábado ás 15:30 horas coa primeira das mangas de adestramentos. A continuación terán lugar as dúas mangas oficiais.

Para o domingo, mesmo plantexamento (unha manga de adestramentos e dúas oficiais) con hora de comezo ás 09:30 horas.

A entrega de premios será na praza do Toural de Vilar de Barrio ao término da competición e as verificacións de oficio.